

REUNIÓN DA COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO

Día: 07.05.2024 Hora: 16:00

A Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 7 de maio de 2024, ás 16:00 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Elección da presidencia e da vicepresidencia da Comisión

Punto 2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

Punto 3. Preguntas

3.1 1456 (12/POC-000230)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a evolución da produción marisqueira nas rías galegas nos últimos anos, a valoración que fai o Goberno galego nesta materia e as liñas de axudas que prevé pór en marcha para compensar o sector pola baixa produción da última tempada

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 13f3, do 18.04.2024

Punto 4. Proposicións non de lei

4.1 485 (12/PNC-000021)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe reiterar ao Goberno central co fin de que reduza o IVE dos produtos do mar e se poida beneficiar o complexo mar-industria

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 11.04.2024

4.2 502 (12/PNC-000023)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre as reclamacións que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos fondos anunciados para o PERTE da cadea mar-industria

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 9, do 11.04.2024

4.3 1465 (12/PNC-000184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego



Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxectivo de paliar as perdas económicas dos mariscadores e das mariscadoras e de recuperar a produción das rías galegas

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

4.4

1508 (12/PNC-000175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da modificación das convocatorias de axudas para 2024 dirixidas ás mariscadoras e aos mariscadores afectados por paralizacións temporais da súa actividade

Publicación da iniciativa, BOPG n.º 12f2, do 17.04.2024

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 3 de maio de 2024

Miguel Angel
Santalices
Vieira,
Presidente

Firmado digitalmente por Miguel
Angel Santalices Vieira, Presidente
Nombre de reconocimiento (DN):
cn=Miguel Angel Santalices Vieira,
Presidente,
email=miguel.angel.santalices.vieira@parlamentodegalicia.es
Fecha: 2024.05.03 12:11:01 +02'00'

Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente





Asinado dixitalmente por:

Miguel Angel Santalices Vieira, Presidente na data 03/05/2024 12:11:01



RELACIÓN DE MEMBROS DE **COMISIÓN 8ª, PESCA E MARISQUEO** POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Secretaria

Carmela González Iglesias

BNG

Vogais

Julio Ernesto Abalde Alonso

S

Daniel Castro García

BNG

María Deza Martínez

P

Patricia García González

P

María Dolores Hermelo Piñeiro

P

Carlos López Font

S

María Martínez Allegue

P

Rosana Pérez Fernández

BNG

José Daniel Pérez López

BNG

Paulo Ríos Santomé

BNG

Roberto Rodríguez Martínez

P

Raúl Santamaría González

P

Gonzalo Trenor López

P

NOTA

O Grupo Parlamentario Popular está pendente de designar dous membros da Comisión

O Grupo Parlamentario Mixto non designou membro da Comisión.

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.05.2024 Hora: 16:00

Orde do día

1. Elección da presidencia e da vicepresidencia da Comisión

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.05.2024

Hora: 16:00

Orde do día

2. Delegación na Mesa da Comisión das facultades previstas nos artigos 44.1 e 143.1 do Regulamento do Parlamento de Galicia conforme ao establecido na Resolución da Mesa do Parlamento do 11 de abril de 1986

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.05.2024

Hora: 16:00

Orde do día

3. Preguntas

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.05.2024

Hora: 16:00

Orde do día

3.1 1456(12/POC-000230)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Abalde Alonso, Julio Ernesto e López Font, Carlos

Sobre a evolución da produción marisqueira nas rías galegas nos últimos anos, a valoración que fai o Goberno galego nesta materia e as liñas de axudas que prevé pór en marcha para compensar o sector pola baixa produción da última tempada

Publicación da iniciativa, 13f3, 18.04.2024



Grupo
Parlamentario
Socialista



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2024 18:11:17
Nº Rexistro: 1456
Data envío: 10/04/2024 18:11:17.564

Á MESA DO PARLAMENTO

Julio Abalde Alonso e **Carlos López Font**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 8.ª, Pesca e Marisqueo**.

De maneira reiterada e durante xa varios anos, a explotación marisqueira das rías galegas sofre un descenso de capturas e de produción apuntado polos propios colectivos de mariscadoras/es e tamén polos patróns/as maiores das confrarías que apuntan a un grave problema que non está sendo afrontado.

Paralelamente o Goberno de Galicia afronta esta situación de mans paradas, escusando constantemente a situación mediante afirmacións repetidas de que os datos non confirman estas tendencias que o sector apunta e que as alteracións son cuestións puntuais e non estruturais. Tanto a través das propostas parlamentarias e debates producidos, como en declaracións públicas e a través das xuntanzas co propio sector, o Goberno de Galicia expón unha visión non coincidente cos traballadores do mar e manifesta a súa convicción de estar facendo todo o necesario e de tomar decisións e actuacións correctas para afrontar o que, na súa valoración, non é un problema.

Este ano, como noutras ocasións, a campaña de libre marisqueo vén de ser pechada antes de tempo pola baixa produción que ofreceron as rías galegas. Este escenario agrava e pon en perigo novamente a viabilidade do marisqueo nos formatos actuais se o Goberno de Galicia non toma decisións sobre o asunto. Os colectivos de mariscadoras/es ven esmorecer as súas posibilidades e, un ano máis, afronta con preocupación a situación.

CSM-REXISTRO-7/1423B0V/F-0
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>



Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG





**Grupo
Parlamentario
Socialista**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/04/2024 18:11:17
Nº Registro: 1456
Data envío: 10/04/2024 18:11:17.564

Por iso, os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Mantén o Goberno de Galicia a súa valoración de que a produción marisqueira das rías galegas non diminuíu nos últimos anos?
2. Que valoración fai o Goberno de Galicia das causas desta caída de produción (se así o considera)?
3. Ten previsto o Goberno de Galicia abrir unha liña extraordinaria de compensacións para o sector marisqueiro afectado por esta última tempada?

Santiago de Compostela, 9 de abril do 2024

Asinado dixitalmente por:

Julio Abalde Alonso na data 10/04/2024 18:07:48

Carlos López Font na data 10/04/2024 18:07:58



CSX4 REGISTRO-7 Jkz3B0VF-0

Verificación

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Grupo Parlamentario Socialista no Parlamento galego

gp-socialista@parlamentodegalicia.gal / [981.55.15.30](tel:981.55.15.30)

@PSdeG



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.05.2024

Hora: 16:00

Orde do día

4. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.05.2024

Hora: 16:00

Orde do día

4.1 485(12/PNC-000021)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a demanda que a Xunta de Galicia debe reiterar ao
Goberno central co fin de que reduza o IVE dos produtos do
mar e se poida beneficiar o complexo mar-industria

Publicación da iniciativa, 9, 11.04.2024

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

Exposición de Motivos:

O complexo mar-industria é vítima da falta de sensibilidade do Goberno de coalición en España, que continúa a vetar ao sector primario da posibilidade de beneficiarse das rebaixas do IVE (imposto sobre o valor engadido) o que supón persistir nunha discriminación en relación con outros produtos de alimentación.

Desde Galicia vimos insistindo na reclamación dunha reforma fiscal que favoreza a este sector estratéxico, xa que contribuíría a ampliar a demanda interna de peixes e conservas, co consecuente beneficio para a saúde dos consumidores e impacto positivo na economía en xeral da nosa Comunidade e dos sectores profesionais vinculados ao mundo do mar.

O informe elaborado pola Universidade de Santiago de Compostela. Grupo de Investigación en Economía Pesqueira e dos Recursos Naturais “Efectos económicos e distributivos da redución do IVE no sector pesqueiro” presentado en novembro de 2023, confirma que unha rebaixa do 10 ao 5% (á metade) do IVE dos produtos do mar impulsaría o consumo, contribuíría a crear máis de 5.500 empregos e xeraría unha riqueza (valor engadido bruto) de 30 millóns de euros.

Consideramos que marxinar os produtos do mar é unha medida totalmente discriminatoria. Carece de sentido manter inalterado o IVE cando si baixaron noutros alimentos como o aceite ou a pasta, pois supón unha desvantaxe competitiva e un prexuízo directo.

Trátase dunha medida que apoian tamén o Parlamento Europeo e a Comisión Europea e que tanto a Xunta de Galicia como as principais organizacións de representación do sector veñen tempo pedindo ao Goberno central, ata o momento sen éxito.



Por todo o anterior o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte Proposición non de Lei en Comisión

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reiterar a demanda ao Goberno de España para que amplíe a redución do IVE de produtos básicos tamén a pescados, mariscos e conservas”

Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 13:34:10

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 13:34:30

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 13:34:55

María Deza Martínez na data 02/04/2024 13:35:16

Patricia García González na data 02/04/2024 13:35:35

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/04/2024 13:35:55

María Martínez Allegue na data 02/04/2024 13:36:09

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 13:36:31

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 13:37:05

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 13:37:22



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.05.2024

Hora: 16:00

Orde do día

4.2 502(12/PNC-000023)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 8 máis

Sobre as reclamacións que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central en relación cos fondos anunciados para o PERTE da cadea mar-industria

Publicación da iniciativa, 9, 11.04.2024

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados **José Manuel Balseiro Orol, Marta Mariño Regueiro, María Deza Martínez, Patricia García González, María Dolores Hermelo Piñeiro, María Martínez Allegue, Roberto Rodríguez Martínez, Raúl Santamaría González e Gonzalo Trénor López**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei en Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

Exposición de Motivos:

En xaneiro do ano 2024, o ministro de Industria e Turismo, D. Jordi Hereu Boher, durante a súa comparecencia en Comisión no Congreso dos Deputados, anunciaba o PERTE (Proxecto Estratéxico para a Recuperación e Transformación Económica) da cadea mar-industria.

Segundo indicou na súa intervención este instrumento de apoio contaría cun orzamento de 50 millóns de euros dos cales 40 millóns estarían reservados para subvencións e os 10 millóns restantes para préstamos dirixidos a empresas desde sector.

Estas son cantidades manifestamente insuficientes, fronte aos 400 millóns de euros que demanda o propio sector, e se os comparamos cos 1.000 millóns que se dedican, por exemplo, ao PERTE Agroalimentario.

Os actuais dirixentes do Goberno de coalición en España non parecen ter en conta a relevancia económica que representa o conxunto da cadea mar-industria, que só en Galicia conta cunha facturación de 9.000 millóns de euros anuais e emprega a 50.000 persoas.

Un sector que ademais desenvolve un mercado carácter exportador xa que segundo os primeiros datos provisionais de balance do ano 2023 teríase superado a cifra récord de 2.700 millóns de euros que se acadou en 2022.

Por todo o anterior, o Grupo Parlamentario Popular presenta a seguinte proposición en Pleno e en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a reclamar ao Goberno de España que incremente os fondos anunciados para o PERTE da cadea mar-industria e axilice a súa activación para que o sector poda acometer novas inversións”



Santiago de Compostela, 2 de abril de 2024

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 02/04/2024 16:36:21

José Manuel Balseiro Orol na data 02/04/2024 16:37:31

Marta Mariño Regueiro na data 02/04/2024 16:37:40

María Deza Martínez na data 02/04/2024 16:38:47

Patricia García González na data 02/04/2024 16:38:56

Dolores Hermelo Piñeiro na data 02/04/2024 16:40:58

María Martínez Allegue na data 02/04/2024 16:43:15

Roberto Rodríguez Martínez na data 02/04/2024 16:43:25

Raúl Santamaría González na data 02/04/2024 16:44:34

Gonzalo Trenor López na data 02/04/2024 16:44:43



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.05.2024

Hora: 16:00

Orde do día

4.3 1465(12/PNC-000184)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 4 máis

Sobre as medidas que debe adoptar o Goberno galego co obxectivo de paliar as perdas económicas dos mariscadores e das mariscadoras e de recuperar a produción das rías galegas

Publicación da iniciativa, 12f2, 17.04.2024



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 1465
Data envío: 10/04/2024 19:02:37.774

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e dos deputados **Daniel Pérez López**, **Daniel Castro García** e **Paulo Ríos Santomé**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa ás actuacións do Goberno Galego para paliar as perdas económicas dos traballadores e traballadoras do mar afectadas polas intensas choivas deste outono-inverno e para a recuperación produtiva das rías galegas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

No mes de outubro do pasado ano comezaron unha sucesión de temporais e de abundantísimas precipitacións que continuaron durante todo o outono, o inverno e aínda persisten.

O impacto que estas condicións climatolóxicas tivo nos bancos marisqueiros das rías galegas foi brutal e, sumado ao devalo produtivo continuado dende hai máis dunha década, provocou mortalidades masivas de marisco, peches de innumerábeis bancos, fracaso da campaña de nadal -a máis importante do ano para o sector-, inactividade e perda inxente de ingresos a miles de persoas, ertes nunha morea de confrarías e, en definitiva, unha situación extrema que, máis que nunca, precisaba de amparo e cobertura por parte da administración competente e dunha actuación áxil e eficaz.

Pola contra, a Consellaría do Mar, despois de negarse a tomar medidas solicitadas reiteradamente por este Grupo Parlamentar, reaccionou a finais de decembro, cando a desfeita era máis que evidente e as zonas máis afectadas levaban xa case tres meses abandonadas á súa sorte.

CSM-REXISTRO-BwFicelBI-1
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 11/04/2024 09:30:00

Nº Rexistro: 1465

Data envío: 10/04/2024 19:02:37.774

E non foi ata o mes de febreiro, e en plena campaña electoral, cando a Consellaría efectúa un pago de 550 euros a parte dos mariscadores e mariscadoras afectadas. Foi o único e mesquiño apoio que recibiron da Xunta de Galiza dende outubro, e só nalgúns casos, cando a día de hoxe aínda as praias están arrasadas, seguen sen actividade miles de persoas e tamén sen expectativas de retomala a curto prazo para poder comezar a recuperar as rendas do seu traballo.

A estas alturas, o sector xa nada agarda da Consellaría que ten as competencias exclusivas en marisqueo, mais continúan sendo imperiosas as necesidades para que o abandono da actividade non medre aínda máis e, sobre todo, para a recuperación e potenciamento dos bancos marisqueiros.

Por todo isto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:

1. Elaborar e poñer en marcha de xeito urxente e extraordinario un plan de cobertura económica e social para as traballadoras e traballadores do mar afectados pola sucesión de condicións climatolóxicas adversas que se veñen producindo dende o mes de outubro, e que contemple, cando menos,

. Axudas directas dende o mes de outubro e ata que se recupere a actividade con normalidade.

. Creación dun seguro público de produción marisqueira que asegure unha produción mínima e garanta uns ingresos e unha renda digna aos traballadores e traballadoras do mar en inactividade.

. Demandar do Goberno do Estado a exención das cotas da Seguridade Social para as persoas afectadas ata que se recupere a actividade con normalidade.

CSX4 REXISTRO-EntradaFiscal-1
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 1465
Data envío: 10/04/2024 19:02:37.774

. Atender a situación económica das confrarías que se vexan afectadas por unha importante diminución de ingresos por mor da caída de produción.

2. Elaborar, sen máis dilación e de acordo co sector, os centros de investigación da Consellaría do Mar e as universidades galegas, orzamentar e executar un plan plurianual de medidas que permita

. Comezar a recuperación e rexeneración das rías galegas e a súa produtividade

. Artellar os mecanismos necesarios para afrontar as consecuencias que xa está a ter o cambio climático no comportamento e cantidade dos distintos recursos e na actividade pesqueira, mexilloeira e marisqueira de Galiza.”

Santiago de Compostela, 10 de abril de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Daniel Pérez López

Daniel Castro García

Paulo Ríos Santomé

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 10/04/2024 18:57:45

CSX4 REXISTRO-EntradaBI-1
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2024 09:30:00
Nº Rexistro: 1465
Data envío: 10/04/2024 19:02:37.774

Daniel Pérez López na data 10/04/2024 18:57:50

Daniel Castro García na data 10/04/2024 18:58:00

Carmela González Iglesias na data 10/04/2024 18:58:08

Paulo Ríos Santomé na data 10/04/2024 18:58:16

CSX, REXISTRO-DwFiosBI-1
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csx/>



Reunión da Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

Día: 07.05.2024

Hora: 16:00

Orde do día

4.4 1508(12/PNC-000175)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a demanda á Xunta de Galicia da modificación das convocatorias de axudas para 2024 dirixidas ás mariscadoras e aos mariscadores afectados por paralizacións temporais da súa actividade

Publicación da iniciativa, 12f2, 17.04.2024



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2024 11:20:21
Nº Rexistro: 1508
Data envío: 11/04/2024 11:20:21.958

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas **Rosana Pérez Fernández** e **Carmela González Iglesias** e do deputado **Daniel Castro García**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para debate na Comisión 8ª**, relativa á modificación das convocatorias de axudas da Consellaría de Mar por paralización temporal da actividade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos catro anos, a campaña de libre marisqueo na ría de Arousa foi de mal a peor. No 2020, os propios mariscadores cualificaron a campaña de desastrosa, que tivo que pechar anticipadamente. No 2021, continuou a sangría de embarcacións e o abandono dos bancos por parte das mesmas. No 2022, malia que a Consellaría do Mar afirmaba a existencia dun “recrutamento récord de berberecho nos Lombos do Ulla”, a escaseza de recurso precipitou de novo o peche dos bancos con moita antelación. E, no 2023, a campaña durou apenas unhas semanas por falta de bivalvo.

Nese ano, a Consellaría do Mar convoca, por medio da Orde do 12 de abril de 2023, axudas “por paralización temporal da actividade marisqueira, ás persoas armadoras e tripulantes das embarcacións afectadas pola veda temporal nos bancos de libre marisqueo da ría de Arousa (Lombos do Ulla, O Boído e Cabío)”.

Unhas axudas que os afectados tardaron case seis meses en cobrar dende a súa convocatoria e preto de 9 meses dende que deixaran a actividade por ausencia de capturas e, finalmente, ás que non puideron acceder un número importante de persoas por mor da condición establecida no artigo 4.2 da citada Orde: “Os 120 días mínimos

CSM-REXISTRO-MmLL1-041-5
Verificación
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/ramitas/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 11/04/2024 11:20:21

Nº Rexistro: 1508

Data envío: 11/04/2024 11:20:21.958

exixidos no punto 1-b deste artigo deberán terse realizado na modalidade de marisqueo (Z3) ou libre marisqueo (Z3), durante os anos 2021 e 2022. Os días de actividade extractiva verificaranse mediante as notas de venda realizadas nas lonxas ou centros de venda autorizados e serán os que consten nos rexistros da Consellaría do Mar".

As persoas excluídas por esta razón, por non poder aportar notas de venda de 120 días, argumentan que a Consellaría está a equiparar os días de actividade pesqueira cos días nos que hai vendas rexistradas, obviándose así, por exemplo, outros traballos que tamén son actividade, como as limpeza, as sementeiras, as vixilancias, as xornadas de renovación de permisos de explotación, xornadas nas que largan os aparellos pero non teñen actividade pesqueira, etc. As distintas interpretacións do artigo 4.2 levaron incluso a recursos por parte de persoas afectadas que, aínda hoxe, non teñen resolución dos mesmos.

Nestes momentos temos constancia de que se están a elaborar as ordes de axuda de 2024 para as persoas mariscadoras a pé e a frote afectadas pola paralización temporal en diferentes bancos marisqueiros intermareais de Galiza. Neses proxectos de orde, volve a recollese a mesma exixencia de 120 días xustificados mediante notas de venda, malia os problemas de interpretación a que deu lugar, á exclusión da concesión das axudas por este motivo a diversos afectados e á non resolución aínda dos recursos e, polo tanto, a que se coñeza cal é a argumentación da Consellería para persistir nesa cláusula.

Na situación que está a vivir o sector dende hai anos, agravada agora polos meses de inactividade en moitos bancos marisqueiros da ría, cómprelle, máis que nunca, a colaboración, a cobertura e a facilitación por parte da Administración e, en ningún caso, trabas ou obstáculos que lle dificulten aínda máis o mantemento dos postos de traballo e duns ingresos dignos.

CSX4 REXISTRO-MmmLr1eM-5
Verificado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/04/2024 11:20:21
Nº Rexistro: 1508
Data envío: 11/04/2024 11:20:21.958

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o debate na Comisión 8ª:

“O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a modificar o proxecto de ordes de axuda 2024 para as persoas mariscadoras afectadas pola paralización temporal en diferentes bancos marisqueiros intermareais de Galiza, de xeito que os 120 días de actividade extractiva non teñan que ser verificados necesariamente coas notas de venda realizadas nas lonxas ou centros ou centros de venda autorizados, co obxectivo primordial de evitar os posíbeis prexuízos que puideran ter lugar.”

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2024

Asdo.: **Carmela González Iglesias**

Daniel Castro García

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Rosana Pérez Fernández

Portavoz s. do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Carmela González Iglesias na data 11/04/2024 11:12:55

Daniel Castro García na data 11/04/2024 11:19:16

Rosana Pérez Fernández na data 11/04/2024 11:19:34

